

## TURISMO E CULTURA

**LOIS GONZÁLEZ, RUBÉN**  
*Director Xeral de Turismo*  
XUNTA DE GALICIA

Dentro dos dos labores máis importantes que ten encomendados a Administración no eido do Turismo, a ordenación e a promoción, esta última actividade tense revelado como a máis salientable no últimos anos para o desenvolvemento turístico.

Unha vez que a oferta turística dun territorio como o galego chega a completarse dun xeito razoable para atender a demanda turística, cómpre centrarse nas tarefas de promoción da dita oferta así como no desenvolvemento de produtos que afiancen, caractericen e identifiquen como orixinal a dita oferta.

Galicia constitúese hoxe en día nun territorio cunha oferta máis que razoable, con máis de 60.000 prazas hoteleiras, que xunto ao Turismo Rural, campismo e outro tipo de aloxamentos non hoteleiros supera as 100.000.

Ademais, cabe salientar o bo estado destas prazas hoteleiras, moitas delas creadas ao longo dos últimos dez anos o que as fai moi competitivas en realación ao resto do Estado español.

Por outra parte, no ámbito da oferta, Galicia está perfectamente posicionada en canto aos produtos máis demandados polos turistas que, a pesar de todo, siguen demandando estadias nas costas para gozar do sol e da praia.

Sen seres un número un en canto ao Turismo de Sol e Praia, Galicia mantense coma un destino preferente neste eido en determinadas zonas das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra; considerándose xa o contorno das Rías Baixas coma un dos máis importantes do Estado español.

Pero Galicia debe completar a súa oferta turística e non cingirse exclusivamente ao monocultivo de Sol e Praia, para o que xa conta con produtos complementarios moi competitivos.

Neste eido, cabería salientar os produtos relacionados con Turismo Cultural, fundamentalmente o Camiño de Santiago, auténtica carta de presentación do Turismo galego no exterior; o Turismo de Natureza, centrado no ámbito rural, e o Turismo de Saúde.

Polo que respeita ao Turismo Cultural, o fenómeno xacobeo, representa xa unha cantidade moi significativa das visitas ao noso territorio desde o resto do Estado e desde o estranxeiro. O Camiño de Santiago mantén hoxe en día toda a súa universalidade e constitúe a mellor carta de presentación do noso destino no exterior.

No que se refire tamén ao Turismo Cultural, apostamos decididamente pola promoción dos nosos cascos históricos como destino turístico e como xeito de rehabilitar estes contornos urbanos.

Polo que respeita ao Turismo de Natureza, temos que salientar todo o relacionado co eido rural e o propio Turismo Rural, onde xa contamos con 500 establecementos que ofrecen preto de 5.000 prazas, moi ben distribuídas polo noso territorio. Hoxe en día, o Turismo Rural de Galicia conta cun plus de calidade recoñecido en todo o Estado, e neste eido, traballamos por incrementar o grao de ocupación incentivando a procura de oferta complementaria.

E, no que atinxe ao Turismo de Saúde, hai que dicir que Galicia se atopa á vangarda deste produto turístico no eido español, tanto na calidade como na cantidade de oferta.

Contamos con máis de 2.000 prazas hoteleiras distribuídas en 19 balnearios e outras instalacións termais e de spas, que nos convirten nos primeiros provedores deste tipo de Turismo en España, con servizos incluídos dentro de establecementos de entre cinco e unha estrela, ou sexa para todos os gustos e petos, ao longo dos últimos dez anos.

## **NOVAS POSIBILIDADES E NOVOS PRODUTOS**

Pero, o ámbito do Turismo é moi competitivo e para diferenciarse e completar unha oferta única hai que innovar e aproveitar as posibilidades que brinda o territorio.

Neste sentido, unha aposta de futuro está na promoción do Turismo industrial, científico e tecnolóxico, a través da posta en valor dos elementos ou vestixios propios destas actividades, así como a promoción das mesmas.

Coidamos que Galicia esté moi ben situada neste ámbito e que cos elementos que contamos de antemán poderemos desenvolver produtos atractivos relacionados coa actividade industrial de xeito que sexan competitivos no contorno turístico.